

HISTORIAS DE MULLERES

2º PREMIO RELATO CURTO ABAS BARBANZA 2019

BRANCO E GRIS

O seu corpo sentíase ingrátido naquel lugar. Nada do que había ao seu redor lle era familiar. A escuridade rodeáballo todo cando destello apareceu por enriba da súa cabeza. A zona iluminouse por fin e así, aquela rapaza puido distinguir todo o que lle rodeaba. Unhas figuras pequenas e alongadas pasaban velozes entre as súas pernas e brazos. Todo está un pouco borroso pero é capaz de distinguir pedras e plantas e area. Así dáse de conta de que non está onde debería estar, non está na casa nin no traballo nin na rúa, está debaixo da auga. Si, atópase mergullada nun gran lago e, sen embargo, pode respirar. O mundo é tan fermoso dende alí abaixo. O sol aluma a superficie do lago e chama por ela para emerxer. Pero ela non quere, ela está ben alí. Nada importa mentres non volva ao mundo exterior.

Nada e nada sen parar, trata de coller os peixiños que tantas cóxegas lle fan, métese entre as rochas e as algas e ri ata escachar cando unhas pequenas burbullas se lle escapan entre os dedos. E intenta atrapalas, pero estas soben cara a superficie. E ela quere ir tras elas mais o mundo real xa está tan preto. Estira a man cuns últimos folgos para coller a que máis atrás queda. E consegue atrapala.

Acerca aquela pequena bóla á súa faciana e mira no seu interior. Dentro, un sorriso, o seu sorriso. E parece tan feliz, que non se espera que nada poda cambiar esa imaxe nunca. E aparece el xunto ela e lle sorrí. O sorriso máis fermoso que vira na súa vida, porque quere tanto. Tanto lle quere que nunca se dera de conta do mal que el lle facía. Toda a culpa era súa e todo o malo era de ela. E, se lle fixera caso, el non lle tería que pegar. Porque non debería falar con outros rapaces estando con el, porque a súa roupa ensina demasiado, porque el está tan namorado dela que faría calquera cousa para non perdela.

A rapaza mira de novo a burbulla, pero xa non ve un sorriso. A man del atravesala a imaxe e estámpase contra ela. A forza da palmada xíralle a cara e faina retroceder. No seu rostro xa non se debuxa ningún sorriso: os seus beizos abertos describen unha expresión de sorpresa e horror; os seus ollos intentan conter as lágrimas que tantas ganas teñen de saír e, aínda así, unha delas, soa, escorrégase pola súa faciana, que parece non ter fin; a man del comézase a debuxar de cor vermella na súa meixela e ela aguanta. El marcha enfadado e ela non lle bota culpa. E esta sería a primeira de moitas.

A burbulla escápaselle entre as mans para chegar ao seu destino. Non quere perder aquela bóla, non quere perder o recordo do que el lle fixo, porque sabe que si o perde el volverá a facerlle dano. Move mans e pes para alcanzala. Xa non hai maneira de chegar antes de que sala a superficie e, aínda así, nada veloz tras ela. Toca a auga por última vez antes de lanzarse cara a luz. Colle impulso e sae ao exterior.

E esperta. Esperta nun lugar que non reconece. Todo é branco e gris. Os seus ollos comezan a adaptarse á repentina cantidade de luz e comeza a distinguir cousas. Está deitada nunha cama pero non na súa cama. Aquela non é a súa habitación. Intenta

incorporarse para descubrir onde se atopa e é cando por fin nota a dor. Esa dor insoportable nos brazos, nas pernas e no abdome impídelle levantarse. Un rostro aparece por enriba e fálalle, aínda que ela non lle está escoitando. A súa mente está nun lugar moi lonxe. Está recordando o que pasou.

Estaba na casa cando el chegou de traballar. Pechou a porta e comezou a gritarlle. Non entendía que fixera e non entendía o que el lle dicía. A primeira labazada non tardou moito en chegar. E a esa seguiron moitas. E xa cando ela estaba no chan, el seguíalle dando patadas. Para ela aquilo durou unha eternidade. Chegou un momento que el se fartou ou se dou por satisfeito co seu labor, así que deixouna tirada no chan e marchou pola porta da casa, como se non pasara nada. Despois de estar quen sabe canto tempo no chan, é capaz de levantarse e coller o seu teléfono. E acórdalle o número do que tanto lle falan e tantas veces viu en anuncios: 016.

E cando recorda isoponse a chorar. Chora de maneira desconsolada. E a xente que hai ao seu redor comeza a abrazala e darlle ánimos. E por fin se atopa realizada. Por fin, naquela pequena habitación do hospital, dáse de conta de que estaba a sufrir malos tratos, de que hai xente que a apoia e a quere de verdade e de que xa está a salvo del.

Lucía Pérez Maneiro

4º ESO